

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**

RESOLUCIÓN do 18 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, pola que se redistribúen os créditos orzamentarios por epígrafes recollidos na Orde do 26 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social, e se procede á súa convocatoria para os anos 2025 e 2026 (código de procedemento TR811A).

Mediante a Orde do 26 de decembro de 2024, que foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 26, do 7 de febreiro de 2025, establecéronse as bases reguladoras e convocáronse subvencións ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social.

A Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social é o órgano competente para ditar esta resolución segundo o disposto na disposición derradeira primeira da Orde do 26 de decembro de 2024 e o establecido no artigo 43.1.b) do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

No artigo 37.1 da devandita orde recóllese o financiamento das axudas previstas con cargo ás aplicacións 14.04.324C.444.0, 14.04.324C.445.0, 14.04.324C.460.0 e 14.04.324C.481.1, cunha contía inicial de seiscentos noventa mil euros (690.000 €), distribuída en dúas anualidades, correspondentes a fondos finalistas do Estado.

No artigo 37.2 establécese que a distribución inicial poderá alterarse, logo das modificacións orzamentarias precisas, en función da tipoloxía das entidades que vaian realizar as actividades que resulten subvencionadas.

Unha vez instruídos os expedientes e obtida a relación de solicitudes que cumpren coas condicións administrativas e técnicas establecidas nas bases reguladoras para adquirir a condición de entidade beneficiaria, faise necesaria unha redistribución do crédito das distintas aplicacións orzamentarias.



De acordo co disposto no artigo 31 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 20, do 29 de xaneiro), cando a contía total máxima das subvencións convocadas se distribúa entre distintos créditos orzamentarios, a alteración da devandita distribución non precisará de nova convocatoria, pero si das modificacións que procedan no expediente de gasto e da publicación nos mesmos medios que a convocatoria.

Por todo o anterior,

RESOLVO:

Primeiro. Redistribuír o crédito destinado ás axudas convocadas pola Orde do 26 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de subvencións ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social, e se procede á súa convocatoria para os anos 2025 e 2026, da seguinte maneira:

Aplicación orzamentaria	Anualidade 2025	Anualidade 2026	Total
14.04.324C.444.0	12.000,00 €	37.200,00 €	49.200,00 €
14.04.324C.445.0	0,00 €	16.000,00 €	16.000,00 €
14.04.324C.460.0	64.108,00 €	44.398,80 €	108.506,80 €
14.04.324C.481.1	188.892,00 €	317.310,58 €	506.202,58 €

Segundo. Esta modificación, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non implicará apertura de prazo para presentar novas solicitudes.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2025

Marta Mariño Regueiro
Directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social

